



Confederación Intersindical Galega

**Sección Sindical Telefónica A Coruña**

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email [coruna@cigtelefonica.com](mailto:coruna@cigtelefonica.com)

[www.cigtelefonica.com](http://www.cigtelefonica.com)

Comisión de Xestión - 23 de outubro de 2014

## A empresa presenta unha proposta para OdR

Nesta Comisión de Xestión só se tratará o tema de OdR. O pasado 9 de outubro houbo unha reunión da empresa, a RRTT e a Inspección de Traballo sobre a primeira denuncia presentada pola CIG e unha segunda presentada polo Comité de Empresa, polos temas do cambio constante de quendas, os descansos entre xornadas e os traballos e desprazamentos en solitario na quenda de noite. Nesa reunión a inspectora deu un prazo de 15 días para que a empresa achegase unha solución.

A empresa comeza dicindo que non comparte o criterio da Inspección pero presentará unha proposta para tratar de solucionar os problemas no departamento. Propoñen facer unha roda de quendas provincial cos 3 centros onde hai persoal de OdR (A Coruña, Santiago e Ferrol) de xeito que entrarían dúas persoas en quenda de noite presencial (da mesma localidade) de luns a venres. Fins de semana e festivos haberá unha dispoñibilidade de mañá e outra de tarde, para a noite podería haber dúas persoas de dispoñibilidade (as mesmas que fagan a quenda de noite desa semana) ou podería non haber ninguén de noite pois aínda están estudando esta posibilidade.

De luns a venres, mañá e tarde, cada localidade faría o seu traballo como agora pero tamén pode ocorrer que haxa que desprazarse a atender outra localidade. Fálase do exemplo de Ferrol pois se están dous de noite e un de vacacións queda unha quenda desatendida (en Ferrol son 4 Operadores de Comunicaci3ns) e tería que ser atendida por outra localidade.

Asumen que teñen que dar formación pois algunhas das actividades e dos equipos das 3 localidades son diferentes e que polo tanto tardarán un tempo en aplicar esta medida, falan de aplicala a finais deste ano, en principio respectarán as vacacións por localidade.

Sobre os traballos acompañados, onde hai unha diferenza de criterio importante entre a empresa e a RRTT, pretenden tratar o tema no Comité Provincial de Seguridade e Saúde para atopar unha solución.

Para aplicar a medida enviarían cartas de modificación substancial de condicións de traballo aos 21 Operadores de Comunicaci3n.

Dende a CIG indicamos que presentando a medida o día antes de que remate o prazo dado pola Inspección non semella que haxa moita vontade de consensuar e non se dá tempo ao Comité para tratar o tema co persoal do departamento. RRHH di que espera que a Inspección lle amplíe o prazo e dese xeito podería haber tempo para levar o tema ao Comité.

Tamén insistimos en que os problemas no departamento veñen de moi atrás e están provocados pola falla de persoal, polo tanto a solución pasaría por dotar o departamento do persoal necesario. Por outro lado abriron conflitos cos traballadores tomando medidas como a externalización da actividade o que foi creando cada vez máis problemas.

Vemos a medida complicada polo tema da formación e polos desprazamentos tan longos que terán que facer pola noite ao ter que atender toda a provincia.

Sobre esta cuestión a empresa indica que non hai moita actividade para facer de noite e que tratarían de colocar os traballos programados tendo en conta o persoal que está de noite nesa semana. Se hai BTP para facer na área de Santiago buscaríase realizarlos na semana que haxa persoal de Santiago de noite, tamén asumen que non sempre se poderá facer de xeito polo que é certo que pode haber desprazamentos moi longos.

Por outro lado vemos que hoxe teñen un problema na Coruña, e con esta medida o que poden facer é levar o problema ás 3 localidades.

Tamén vemos que na fin de semana poderían poñer garda e non dispoñibilidade pero a empresa indica que esa garda non é produtiva. A garda o que garante é unha atención inmediata das incidencias dando un servizo de maior calidade, e deso debería tratarse, non ten sentido medirlle a produtividade.

RRHH pretende convencernos de que o problema que estamos tratando hoxe ven dado pola denuncia na Inspección, tratando de culpabilizarnos. Dende a CIG temos moi claro que o problema está xerado pola empresa que pon aos traballadores nunha situación de risco ao incumprir as normas e por ese motivo, asumindo a responsabilidade que nos toca, debemos poñer a denuncia na Inspección, como así tamén nos teñen dito os propios traballadores.

Tamén se deben recoller as opinións dos traballadores do departamento nas 3 localidades para saber o que opinan desta cuestión e o Comité deberá reunirse e posicionarse sobre a proposta da empresa tendo en conta a opinión dos propios afectados.

Aínda poñendo toda a vontade que se queira vemos a medida como un parche máis sobre todos os que se levan poñendo hai moito tempo, por non dotar ao departamento do persoal necesario. A propia empresa asume que é unha medida para saír do paso pois din que nestes tempos non se pode falar de medidas definitivas.

Para a CIG o problema non son estes tempos senón a maneira de xestionar a empresa, podían apostar pola creación de emprego e por dar un servizo de calidade pero todos e todas sabemos que a cousa non vai por aí senón todo o contrario. A durísima realidade que temos que padecer hoxe é consecuencia das políticas ditadas polo gran capital e por un goberno que está ao servizo da banca e das grandes empresas e contra os intereses da clase traballadora. A situación que temos non caeu do ceo senón que está provocada por estas empresas que logo se queixan do mal que está a cousa.